

Arquitectura
Sen Fronteiras

Memoria 2020

MEMORIA 2020

ÍNDICE

GT COOPERACIÓN LOCAL
PROXECTOS

GT COOPERACIÓN INTERNACIONAL
PROXECTOS

GT EDUCACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO
PROXECTOS
OUTRAS ACTIVIDADES

GT COMUNICACIÓN
MÉTODOS DE TRABALLO
COMUNICACIÓN OFFLINE
COMUNICACIÓN ONLINE

GT VOLUNTARIADO E FORMACIÓN
PROXECTOS
VOLUNTARIADO
FORMACIÓNS

BALANCE ECONÓMICO 2020

AGRADECEMENTOS

PROXECTO NOJ

Mellora da calidade educativa con pertinencia cultural e de xénero, para a garantía dos dereitos da nenez e a mocidade rural de 8 comunidades do Municipio de Champerico (Guatemala). Fase 5 do programa N'oj (peche)

LUGAR
Departamento de Retalhuleu, Guatemala

DATAS DO PROXECTO
2019-2021

OBXECTIVOS XERAIS DA INTERVENCIÓN
Contribuír a garantir o dereito á educación da nenez e a mocidade das comunidades en condicións de vulnerabilidade do municipio de Champerico.

FINANCIADORES
Xunta de Galicia

COPARTES/COLABORADORES
PRODESSA, ASIAPRODI e PROYDE

PERSOAS BENEFICIARIAS
- 1.569 persoas

ORZAMENTO
Orzamento total: 245.878,52 €
Orzamento Xunta de Galicia 2020: 134.988,00 €

INFORMACIÓN ADICIONAL

Trátase da última fase do Programa Noj, desenvolto desde 2015 ata a actualidade. O peche do programa permite dar apertura a un espazo de reflexión e redeseño das estratexias de traballo no municipio. Por isto, o proxecto pon especial atención á transferencia de capacidades a titulares de obrigacións, responsabilidades e dereitos; e á avaliación e sistematización da experiencia do programa, co obxectivo de aproveitar as aprendizaxes.O contido da intervención é froito da reflexión interna do equipo e da visión externa das avaliacións de fases anteriores, definindo unha intervención educativa de carácter integral, que se estrutura en catro resultados, os dous primeiros relativos á compoñente pedagóxica, o terceiro relacionado coa compoñente de infraestrutura e o cuarto, relacionado co seguimento, avaliación, sistematización e difusión do proxecto:

(1) Mellora da calidade educativa nos niveis de preprimaria, primaria e básico con énfase en comprensión lectora e valores, con enfoque de xénero, interculturalidad, protección do medio ambiente e educación inclusiva
(2) Fortalecemento das capacidades dos titulares de dereitos, responsabilidades e obrigacións en materia de dereito á educación
(3) Construción e mellora das instalacións educativas en Vitorias III, Aztlán e Nova Cajolá, deseñadas baixo criterios de seguridade, hixiene, confort, xénero, pertinencia cultural e sustentabilidade ambiental.
(4) Xestión adecuada do proxecto a partir de criterios de transparencia, seguimento e avaliación continuos.

PROXECTO NOJ

Mellora da calidade educativa con pertinencia cultural e de xénero para a garantía dos dereitos da nenez e a mocidade de 10 comunidades da área rural do municipio de Champerico, en Guatemala.

LUGAR
Departamento de Retalhuleu, Guatemala

DATAS DO PROXECTO
Xuño 2019 - Outubro 2021

OBXECTIVOS XERAIS DA INTERVENCIÓN
Mellora da calidade educativa da nenez e a mocidade, con especial incidencia na poboación vulnerable, e con pertinencia cultural e de xénero para o exercicio da cidadanía e a xeración dun pensamento crítico en estudantes de primaria, básico do Municipio de Champerico, Retalhuleu, Guatemala.

FINANCIADORES
Generalitat Valenciana

COPARTES/COLABORADORES
PRODESSA, PROYDE E ASIAPRODI

PERSOAS BENEFICIARIAS
- 2036 persoas

ORZAMENTO
Orzamento total: 560.530,44 €
Orzamento Generalitat Valenciana: 446.517,34 €

INFORMACIÓN ADICIONAL

O proxecto intégrase dentro do Programa Educativo Noj (Sabedoría) e á súa vez dá continuidade en materia educativa un Programa de Desenvolvemento Integral (Oxlajuj Tz´ ikin) promovido pola Cooperación Galega e os municipios de Champerico e Retalhuleu desde o ano 2008. A intervención é froito da aprendizaxe adquirida en anteriores fases do programa, e incorpora unha nova liña de educación inclusiva. Estrutúrase en cinco (5) resultados, os catro primeiros relativos á compoñente pedagóxica do proxecto e o último (1), relacionada coa compoñente de infraestrutura:

(1) Mellorada a calidade educativa nos niveis preprimaria, primaria e básico de 11 centros educativos de 10 comunidades, con énfases en comprensión lectora e valores, con enfoque de xénero, interculturalidad e protección do medio ambiente.(2) Mellorada a atención que proporciona o Centro de educación inclusiva do Municipio de Champerico
(3) Fortalecidas as capacidades e actitudes das nais e pais de familia para a súa participación activa en apoio da educación dos seus fillos e fillas en 10 comunidades de Champerico
(4) Fortalecidas as capacidades de ASIAPRODI e a poboación de 10 comunidades de Champerico para a incidencia política orientada a esixir o cumprimento do seu dereito á educación.
(5) O alumnado e o profesorado da escola de Vitorias III e do Centro de educación inclusiva de Champerico dispoñen dunhas instalacións adecuadas ás necesidades educativas; deseñado baixo criterios de seguridade, hixiene, confort, xénero, pertinencia cultural e sustentabilidade ambiental.

PROXECTO TE CHWINQLAL

Proxecto Te Chwinqlal (para a vida) para a garantía das condicións esenciais de gobernanza, planificación territorial e resiliencia da Comunidade Mam Cajolá, formada por 267 familias indíxenas, na súa maioría mulleres nais solteiras e viúvas, recentemente recolocadas no municipio de Champerico, Retalhuleu, Guatemala.

LUGAR
Departamento de Retalhuleu, Guatemala

DATAS DO PROXECTO
Marzo 2020 - Novembro 2021

OBXECTIVOS XERAIS DA INTERVENCIÓN
Garantir as condicións esenciais de gobernanza, planificación territorial e resiliencia, con perspectiva de xénero, pertinencia cultural e medioambiente, da Comunidade Mam Cajolá, formada por 267 familias indíxenas, na súa maioría mulleres nais solteiras e viúvas, recentemente recolocadas no municipio de Champerico, Retalhuleu, Guatemala.

FINANCIADORES
Xunta de Galicia

COPARTES/COLABORADORES
ASIAPRODI

PERSOAS BENEFICIARIAS
- 790 persoas

ORZAMENTO
Orzamento total: 192.249,60 €
Orzamento Xunta de Galicia 2020: 69.980,00 €

INFORMACIÓN ADICIONAL

Tras un longo proceso de xestión que durou oito anos, 267 familias indíxenas da etnia mam, en condicións de alta vulnerabilidade lograron, en decembro de 2019, un crédito do Fondo de Terras para a compra da Leira Cuchumatanes, no municipio de Champerico, en Guatemala, nacendo deste xeito, a principios do ano 2020, a Comunidade Mam Cajolá. Actualmente estas familias están no proceso de recolocación e asentamento na leira que non está rexistrada como un lugar poboado, sen planificación, servizos básicos ou infraestruturas e cunhas estruturas organizativas internas aínda incipientes.

O proxecto acoútase ás acccións que se consideran de maior urxencia nesta primeira etapa de asentamento, atendendo, por unha banda, ás necesidades máis inmediatas e, por outro, a aquelas que só se poden facer nesta etapa inicial e que garantirán unhas bases estables para o seu crecemento e desenvolvemento comunitario.

1- A organización e gobernanza da comunidade como elemento que garante a viabilidade e a sustentabilidade da comunidade.
2- A planificación territorial e domiciliar como elemento que ten o seu máximo potencial nunha fase inicial de asentamento mediante talleres ás familias sobre a planificación domiciliar resiliente, saudable e con pertinencia.
3- A xestión de riscos como aspecto fundamental na fase de asentamento, cando o descoñecemento da contorna e a fraxilidade das construcións fan que a vulnerabilidade da poboación sexa máxima coa identificación dos riscos presentes na comunidade e a construción dun albergue para a protección fente a desastres e emerxencias.

PROXECTO BAN CHUINKLAL

Mellora das condicións de acceso a un hábitat domiciliar saudable da poboación máis vulnerable do departamento de Retalhuleu, Guatemala, con énfase nas mulleres viúvas ou solteiras. Fase 6 (peche)

LUGAR
Departamento de Retalhuleu, Guatemala

DATAS DO PROXECTO
Abril 2019 - Febreiro 2021

OBXECTIVOS XERAIS DA INTERVENCIÓN
Mellorar as condicións a un hábitat domiciliar saudable da poboación máis vulnerable do departamento de Retalhuleu, Guatemala, con énfase nas mulleres viúvas e solteiras, a través dun proceso colaborativo entre comunidades, autoridades municipais, organizacións sociais e cooperativas.

FINANCIADORES
Xunta de Galicia

COPARTES/COLABORADORES
ASIAPRODI e FODHAP

PERSOAS BENEFICIARIAS
- 1.874 PERSOAS

ORZAMENTO
Orzamento total: 198.745,55 €
Orzamento Xunta de Galicia 2020: 102.438,00 €

INFORMACIÓN ADICIONAL

O proxecto constitúe a fase sexta e de peche do Programa de hábitat domiciliar Ban Chuinklal, desenvolto desde o ano 2014 ata a actualidade (6 anos) polas organizacións consorciadas no proxecto: Arquitectura Sen Fronteiras, ASIAPRODI e FODHAP; e que, á súa vez, deu continuidade á liña de habitabilidade básica do Programa de Desenvolvemento Integral (IDI) Oxlajuj Tz´ ikin, promovido pola Cooperación Galega nos municipios de Champerico e Retalhuleu entre os anos 2008 e 2012. O proxecto ten como obxectivo a mellora das condicións de hábitat da poblaciçon máis vulnerable do departamento de Retalhuleu, en Guatemala, con especial énfase na situación das mulleres viúvas e dolteras. Trátase, concretamente, de afrontar a vulneración deste dereito desde dous enfoques: (1) un enfoque estratéxico e (2) un enfoque de emerxencia.

O enfoque estratéxico (baseado no enfoque de dereitos) trata de fortalecer e ofrecer ferramentas aos principais titulares de responsabilidades e de dereitos de Retalhuleu para unha efectiva resolución dos problemas de vivenda e hábitat a través de mecanismos de produción social de hábitat e mecanismos efectivos de incidencia política cara a titulares de obrigacións.

O enfoque de emerxencia trata de resolver de maneira urxente e directa os problemas de hábitat domiciliar, da poboación en condicións de emerxencia habitacional das comunidades rurais e en condicións de vulnerabilidade de Retalhuleu.

PROXECTO QOKLEN TOJ XNAQ'TBZ'IL

Proxecto Qoklen toj xnaq´ tzb´ il (valor á educación) de mellora das condicións de seis (6) escolas de educación primaria e preprimaria e un (1) Centro de Recursos para a Educación Inclusiva, para proporcionar educación inclusiva de calidade ao alumnado con necesidades educativas especiais, con enfoque de xénero e interculturalidad, no municipio de Champerico, Retalhuleu, Guatemala

LUGAR
Departamento de Retalhuleu, Guatemala

DATAS DO PROXECTO
Marzo 2020 - Novembro 2021

OBXECTIVOS XERAIS DA INTERVENCIÓN
Contribuír a garantir unha educación inclusiva, equitativa e de calidade e promover oportunidades de aprendizaxe durante toda a vida para todos no municipio de Champerico, Retalhuleu, Guatemala.

FINANCIADORES
Xunta de Galicia

COPARTES/COLABORADORES
PRODESSA, PROYDE E ASIAPRODI

PERSOAS BENEFICIARIAS
- 1.468 persoas

ORZAMENTO
Orzamento total: 351472,50 €
Orzamento Xunta de Galicia 2020: 89.990,00 €

INFORMACIÓN ADICIONAL

O presente proxecto trata de abordar un sector da educación en Guatemala que, aínda que está recolleito, regulado e amparado polo marco legal e de dereitos, foi sistematicamente desatendido, especialmente nas áreas máis vulnerables do país. Trátase da educación inclusiva. Neste contexto, o proxecto que se presenta trata de contribuír a impulsar a Política de Educación Inclusiva para a Poboación con Necesidades Educativas Especiais con e sen Discapacidade do Ministerio de Educación de Guatemala no municipio de Champerico, Retalhuleu; contribuíndo, deste xeito, ao logro do obxectivo 4 dos ODS: Garantir unha educación inclusiva, equitativa e de calidade e promover oportunidades de aprendizaxe durante toda a vida para todos.

Con cinco liñas de traballo que abordan a educación inclusiva desde un enfoque multidimensional preténdese contribuír á integración, a educación e a mellora da calidade de vida dun sector da poboación que se atopa entre os máis vulnerables: as nenas e nenos, maioritariamente indíxenas, con necesidades especiais que proveñen de áreas rurais e familias con baixos ingresos.
(1) Fortalecer as capacidades do persoal docente das escolas participantes, para identificar e atender a nenas e nenos con necesidades educativas especiais, no marco da educación inclusiva e de calidade, con enfoque de xénero.
(2) Fortalecer as capacidades da poboación comunitaria (nais e pais de familia, autoridades comunitarias) para a súa participación nos procesos de educación inclusiva impulsados nas escolas públicas das súas localidades.
(3) Mellorar as actitudes e coñecementos, nas nenas e nenos que estudan nas escolas participantes, acerca da inclusión da nenez con necesidades educativas especiais con énfases na equidade de xénero.
(4) Mellorar as condicións en que as autoridades locais do MINEDUC, Municipalidade de Champerico e o Centro de Recursos para a Educación Inclusiva – CREI- atenden a nenos e nenas con necesidades educativas especiais con enfoque de xénero.
(5) Construír no municipio de Champerico un Centro de Recursos para a Educación Inclusiva (CREI) cunhas instalacións adecuadas ás necesidades formativas, deseñado baixo criterios de seguridade, hixiene, confort, xénero, pertinencia cultural e sustentabilidade ambiental

INVESTIGACIÓN ACCIÓN FORMACIÓN

Investigación - Acción - Formación para fortalecer a educación e integración do dereito ao hábitat en centros educativos de secundaria e entre axentes multiplicadores clave en Galicia (fase 1)

DATAS DO PROXECTO
Setembro 2019 - Novembro 2020

OBXECTIVOS XERAIS DA INTERVENCIÓN
Incrementar o coñecemento das problemáticas e as capacidades relacionadas coa defensa do dereito ao hábitat no contexto educativo de secundaria e entre axentes multiplicadores clave en Galicia

FINANCIADORES
Xunta de Galicia

PERSOAS BENEFICIARIAS
- 1.500 persoas

ORZAMENTO
Orzamento total: 39.060,00 €
Orzamento Xunta de Galicia 2020: 20.916,00 €

INFORMACIÓN ADICIONAL

Tras varios anos de experimentación con diversas metodoloxías e estratexias en centros de educación secundaria de Galicia, iniciamos un proceso en catro fases, a modo de programa, que aglutina accións de sistematización, investigación-acción, e accións de formación sobre o Dereito ao Há bitat con esta poboación de secundaria e axentes multiplicadores ligados a ela (docentes, profesionais da arquitectura ligados a procesos participativos, educativos, educación non formal, alumando destas disciplinas, etc).

Este proxecto supón a primeira fase durante a cal se traballou directamente con 100 alumnos/ as de primeiro de ESO, o seu profesorado, orientación e equipo directivo, o mesmo colectivo co que continuaremos o proceso; e iniciouse o proceso de IAP.

-R1 Deseño e implementación a Fase 1 dun programa de formación-acción sobre o dereito ao hábitat cos estudantes e a comunidade educada IES Ramón Menéndez Pidal da Coruña.
- R2 Deseño e desenvolvo accións formativas transdisciplinares sobre Dereito ao Hábitat con axentes multiplicadores clave vinculados á educación e xestión social do hábitat
- R3 Definir e elaborar a estrutura e o marco inicial de investigación-acción sobre a integración do Dereito ao Hábitat nos centros educativos
- R4 Xeración de ferramentas para a correcta xestión do proxecto e fortalecemento da formación interna de ASF-Galicia.

INVESTIGACIÓN ACCIÓN FORMACIÓN

Investigación - Acción - Formación para fortalecer a educación e integración do dereito ao hábitat en centros educativos de secundaria e entre axentes multiplicadores clave en Galicia (fase 2)

DATAS DO PROXECTO
Setembro 2020 - Novembro 2021

OBXECTIVOS XERAIS DA INTERVENCIÓN
Incrementar o coñecemento das problemáticas e as capacidades relacionadas coa defensa do dereito ao hábitat no contexto educativo de secundaria e entre axentes multiplicadores clave en Galicia

FINANCIADORES
Xunta de Galicia

PERSOAS BENEFICIARIAS
- 600 persoas

ORZAMENTO
Orzamento total: 38.895,00 €
Orzamento Xunta de Galicia 2020: 13.994,00 €

INFORMACIÓN ADICIONAL

En 2019, froito do coñecemento e aprendizaxes acumulados ao longo dos últimos anos formulamos un proxecto no que ASF Galicia focalizou as súas accións nos centros educativos de secundaria e na facilitación de espazos de formación para axentes multiplicadores neste campo. Tras haber experimentando con diversas metodoloxías e estratexias neste campo, decidimos iniciar un proceso en catro fases, a modo de Programa que propón diversos tipos de estratexias e accións para fortalecer as capacidades e recursos de diversos actores para traballar sobre o Dereito ao Habitat.

Expomos así desenvolver accións relacionadas coa sistematización de experiencias e a investigación-acción participativa (IAP); accións de formación e acción sobre o dereito ao hábitat con poboación de secundaria nun proceso ao longo de catro anos, a modo de laboratorio, para construír unha proposta de sensibilización e formación para a transformacion social que implica ao alumnado e ao resto da comunidade educativa; a formación de axentes multiplicadores ligados á docencia, profesionais da arquitectura ligados a procesos participativos, educativos, educación non formal, alumnado destas disciplinas, etc., a través de dúas propostas de formación e sensibilización.

Así mesmo ao longo destas fases queremos seguir fortalecendo as capacidades e ferramentas internas para poder mellorar a calidade dos nosos traballo e xerar procesos e produtos que permitan mellorar e facilitar a capacidade de replica e multiplicación do traballo que nestes proxectos pódese crear e experimentar. Para conseguilo, nesta Fase 2 xeraremos unidades didácticas resultado da experiencia educativa na ESO da Fase 1 e 2, e a aplicación informática APP Dereito ao Hábitat para elaborar cartografías ou mapeos colaborativos (que complementa a Unidade Didáctica desenvolvida hai uns anos). O seu deseño e uso está pensado para outras inciativas educativas neste ámbito. Servirá ademais como ferramenta para o rexistro e sistematización das mesmas que poida ser insumo para a investigación acción.

OUTRAS ACTIVIDADES

EMPTY CORUÑA

Desde ASF Galicia participamos no *Encontro de actores sociais* celebrado no marco do curso de verán *Empty Coruña? Reimaxinando a cidade ferida pola crise a través dos produtos, as persoas, os procesos e as políticas* o día 31 de agosto e organizado pola Universidade da Coruña.

O curso tratou de abordar a realidade urbana na que vivimos tras a crise inmobiliaria sufrida, as súas orixes e as súas consecuencias. Os 25 alumnos asistiron a seminarios, roteiros, debates e talleres dende un enfoque multidiscipinar (arquitectura, dereito, economía, enxeñaría e socioloxía).

No encontro, aberto ao público, comentouse o traballo que ASF leva realizado na cidade da Coruña dende os seus inicios e debateuse sobre a situación actual co resto de colectivos invitados (Elviña non se vende, Proxecto cárcere e Stop Desafiuzamentos Sada) e o público asistente.

CONGRESO

Do 10 ao 12 de maio de 2018 acudimos ao Pazo da Cultura de Pontevedra varias persoas de todo ASF Galicia. Alí estaba a celebrarse *I Bienal Internacional de Educación en Arquitectura para a Infancia e a Xuventude.* Conferencias, seminarios e obradoiros, unha plataforma dende a que compartir, debatir, experimentar e difundir proxectos educativos e de investigación que traballan en espazos onde os nenos e nenas son as protagonistas. O innovador da súa formulación radicou en invertir o sentido de experiencias precedentes, convertindo o proceso educativo no fin en si mesmo, e os procesos arquitectónicos e artísticos no medio de chegar a el.

Ademais de oíntes, o grupo de EpD presentou a concurso a experiencia realizada en 2017 no IES Menéndez Pidal: o obradoiro *Do laberinto ao refuxio* no que o seu alumnado e a través dun proceso participativo transformou un recuncho do patio do centro. Desenvolvimos diferentes técnicas coma roteiros emocionais, derivas con planos, soños en planos e maquetas, finalizando coa intervención conxunta no espazo.

PROXECTOTERRA

Coordinación do ProxectoTERRA, a través do convenio establecido entre ASF e o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (COAG), segundo o cal ASF será responsable de coordinar as actividades do devandito proxecto e dar mantemento á súa páxina web e redes sociais, por medio de prestación de servizos.

DATAS DO PROXECTO
2020

OBXECTIVOS XERAIS DA INTERVENCIÓN
Formar, difundir e ampliar os coñecementos da poboación galega en temas relacionados coa ordenación, planificación e intervencións das actividades humanas sobre o territorio.

FINANCIADORES
Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia, Axencia de Protección da Legalidade Urbanística e Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia.

PERSOAS BENEFICIARIAS
Alumnado e profesorado das etapas de Educación Obrigatoria e Educación Infantil

ORZAMENTO
Orzamento total: 355.555,00 €
Orzamento coordinación ASF: 13.000,00 €

INFORMACIÓN ADICIONAL

O ProxectoTERRA nace dunha iniciativa do COAG no ano 2000 e a partir do ano 2018 ASF encárgase da súa coordinación. Réxese por un convenio bianual (actualmente en vigor, o de 2020-2021). Trátase dun proxecto de intervención educativa dirixido ás distintas etapas da Educación Obrigatoria e de Educación Infantil, co fin de contribuír a mellorar o coñecemento que a cidadanía de Galicia debe ter da nosa arquitectura e da nosa identidade territorial. O proxecto concrétase na elaboración de recursos educativos sobre arquitectura, territorio, paisaxe, urbanismo e dereito ao hábitat, así como na súa difusión e formación do profesorado correspondente en todos aqueles ámbitos do coñecemento necesarios para tales fins.

Formación do alumnado en Dereito ao Hábitat
Formación do alumnado en Paisaxe
Formación do alumnado en Identidade Territorial
Formación do alumnado no medio ambiente
Formación do alumnado en Arquitectura Popular
Formación do alumnado en Arquitectura Contemporánea
Formación do alumnado en Plan e Ordenación urbanística
Formación do profesorado en Deseño de patios e espazos educativos
Formación do profesorado en Paisaxe e Identidade territorial
Formación do profesorado en Cartografías



PROXECTO DE ACTIVIDADES

Xestión do voluntariado con incidencia nos coidados, na formación e na sensibilización no ámbito de traballo de Arquitectura sen Fronteiras - Galicia

DATAS DO PROXECTO
2020

OBXECTIVOS XERAIS DA INTERVENCIÓN
Obxectivo xeral: Elevar a conciencia e compromiso coa participación solidaria de carácter voluntario e mellorar os resultados dos proxectos de ASF- G e da divulgación do dereito ao hábitat.

Obxectivo específico: Fortalecer as capacidades do voluntariado de ASF- G e da formación do voluntariado en todas as súas fases poñendo especial atención á sensibilización e aos coidados.

FINANCIADORES
Xunta de Galicia.

PERSOAS BENEFICIARIAS
Voluntariado de Arquitectura Sen Fronteiras

ORZAMENTO
Orzamento total: 2.308,58 €
Orzamento coordinación ASF: 1.266,46 €

INFORMACIÓN ADICIONAL

Aliñado a proxectos executados nos dous anos anteriores, continuamos fortalecendo as capacidades e coñecementos do noso voluntariado, e atendendo aos seus coidados. Á vez este proxecto serviu para sensibilizar á sociedade galega da importancia do labor voluntario para a transformación social.

Entre as súas actividades destacamos:

- Xornadas de sensibilización polo 25 aniversario de ASF-Galicia na ETSAC
- Charlas informativas sobre ASF Galicia
- Exposición do traballo de ASF na ETSAC
- Encontros de voluntariado
- Espazo de encontro para reflexionar sobre o papel do voluntariado en ASF
- Encontro para a celebración do 25 aniversario de ASF.
- Captación de novo voluntariado mediante captación por perfil e charlas abertas para persoas interesadas
- Encontro e sistematización da segunda sesión para "Repensar a formación" para o novo plan formativo 2020-2021
- Xornadas de intercambio de formación e experiencias: "Banco de saber"
- Formación en xestión do voluntariado e mellora das capacidades emocionais no campo da xestión do voluntariado para as persoas responsables.
- Redación dun novo módulo sobre ASF-G na formación en liña sobre iniciación ao voluntariado en ASF.

VOLUNTARIADO

OUTRAS ACTIVIDADES

Ademais das charlas de captación especial, procuramos atender a todas as persoas que se achegan a ASF, con charlas ou entrevistas persoais e a través da xestión do correo electrónico.

RESUMO ESTATÍSTICO

Número de charlas de voluntariado 2020: 1 charlas de voluntariado
Número de persoas interesadas que asistiron ás charlas: 30 persoas
Número de incorporacións no 2020: 8 altas
Número de baixas no 2020: 6 baixas

TOTAL DE VOLUNTARIOS A FINAIS DE 2020

33 persoas



BALANCE INGRESOS 2020

CONCEPTO	ORZAMENTO 2020	IMPORTE 2020	DESVIACIÓN 2020		OBSERVACIÓNS
I1 Donacións Particulares	**50,00 €**	**0,00 €**	-50,00 €	0,00%	
I2 Donacións Empresas					
I3 Subvencións / Donaciones Institucionais					
I4 Prestación de Servizos	**100,00 €**	**0,00 €**	-100,00 €	0,00 €	
I5 Captación	**700,00 €**	**103,00 €**	-597,00 €	14,71%	
I6 Outros	**1.000,00 €**	**1.000,00 €**	0,00 €	100,00%	
I7 Ingresos de GT Local					
I8 Ingresos de GT Educación					
I9 Ingresos de GT Internacional					
I10 Ingresos de GT Comunicación					
I11 Ingresos de GT Formación e Voluntariado					
I12 Custos indirectos	**4.000,00 €**	**8.740,98 €**	4.740,98 €	218,52%	
TOTAL INGRESOS	**5.850,00€**	**9.843,98€**	**+3.993,98€**		

BALANCE GASTOS 2020

CONCEPTO	ORZAMENTO 2020	IMPORTE 2020	DESVIACIÓN 2020
G1 Alugueres	0,00 €	0,00 €	0,00 €
G2 Servizos Profesionais	0,00 €	**19,99 €**	-19,99 €
G3 Asesorías Externas	0,00 €	0,00 €	0,00 €
G4 Seguros	0,00 €	0,00 €	0,00 €
G5 Gastos Financeiros	0,00 €	0,00 €	0,00 €
G6 Impuestos e Tributos	**30,00 €**	**3,75 €**	26,25 €
G7 Material de Oficina / Fotocopias	**300,00 €**	**57,10 €**	242,90 €
G8 Material de Limpeza	0,00 €	0,00 €	0,00 €
G9 Outros Materiales	**250,00 €**	**25,74 €**	224,26 €
G10 Mantemento e Instalacións	0,00 €	0,00 €	0,00 €
G11 Reparación de Equipos Informáticos	**300,00 €**	0,00 €	300,00 €
G12 Gastos de Xunta Directiva	**150,00 €**	0,00 €	150,00 €
G13 Cuotas a Outras Entidades	**335,00 €**	**300,00 €**	35,00 €
G14 Dietas e Desprazamientos	**500,00 €**	0,00 €	500,00 €
G15 Gastos de Correo	**120,00 €**	0,00 €	120,00 €
G16 Gastos Extraordinarios / Outros	**300,00 €**	0,00 €	300,00 €
G17 Gastos de Proxectos	0,00 €	0,00 €	0,00 €
G18 Gastos de Prestación de Servizos	0,00 €	0,00 €	0,00 €
G19 Gastos de Formación / Voluntariado	**750,00 €**	**1.803,07 €**	-1.053,07 €
G20 Gastos de Educación / Sensibilización	**300,00 €**	0,00 €	300,00 €
G21 Gastos de Comunicación	**100,00 €**	**26,35 €**	73,65 €

Balance gastos 2020

Concepto	Orzamento 2020	Importe 2020	Desviación 2020	
G22 Gastos de Captación	300,00 €	221,06 €	78,94 €	73,69%
G23 Gastos de GT Local	0,00 €	0,00 €	0,00 €	
G24 Gastos de GT Internacional	0,00 €	39,79 €	-39,79 €	
G25 Aportes á Asociación	0,00 €	0,00 €	0,00 €	

Balance Anual 2020

Concepto	Presupuesto 2020	Importe 2020	Desviación 2020
TOTAL INGRESOS	5.850,00€	9.843,98€	+ 3.993,98€
TOTAL GASTOS	3.735,00€	2.496,85€	+ 1.277,94€

8.472,16 €	Saldo 1 ene20
+ 7.347,13 €	Balance 2020
15.819,29 €	Colchón 2020

AGRADECEMENTOS